

REGULAMENTO DE CENTROS ADSCRITOS

APROBADO NO CLAUSTRO UNIVERSITARIO DO 20-12-07

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1

A adscrición de centros privados, de titularidade pública ou privada, á Universidade de Vigo, para impartir ensinanzas conducentes á obtención de títulos oficiais de validez en todo o territorio español, esixirá o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa vixente e será aprobada, a proposta do Consello de Goberno, previo informe do Consello Social, pola administración autonómica, debendo ser informada a Conferencia General de Política Universitaria.

Artigo 2

Os centros adscritos á Universidade de Vigo rexeranse pola Lei orgánica 6/2001, de Universidades, modificada pola ley 4/2007, polas normas que dicte o Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia no exercizo das súas competencias, polos estatutos da Universidade de Vigo, polo presente regulamento, polo convenio de adscrición, e polas súas propias normas de organización e funcionamento e, deben ser conformes cos principios constitucionais e respectar e garantir, de forma plena e efectiva, o principio de liberdade académica que se manifesta nas liberdades de cátedra, de investigación e de estudo.

Artigo 3

Os Centros adscritos á Universidade de Vigo están baixo a tutela da universidade, que a exerce a través dos seus órganos de goberno e en especial, a través dos delegados da universidade.

REGULAMENTO DE CENTROS ADSCRITOS

TÍTULO I

DA NATUREZA E CONSTITUCIÓN DOS CENTROS ADSCRITOS

Artigo 4

Poderá ser titular dun centro adscrito calquera persoa física ou xurídica de carácter público ou privado con capacidade legal para actuar. O propietario/a dun centro adscrito constitúe a súa entidade titular.

Artigo 5

Son centros adscritos á Universidade de Vigo aqueles centros privados, independentemente de que o seu titular sexa unha persoa física ou xurídica, tanto pública como privada, que, tras subscribir o oportuno convenio de adscrición, sexan autorizados pola administración competente da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 6

A entidade promotora dos centros adscritos achegará no Rexistro Xeral da Universidade de Vigo a solicitude de adscrición dirixida ao reitor para o seu exame e aprobación polo Consello de Goberno, previo informe do Consello social. Tal solicitude conterá, alomenos, a seguinte documentación:

- a) Unha memoria na que se xustifique a proposta de adscrición e se expliciten, cando menos, os seguintes datos:
 1. Entidade ou entidades patrocinadoras.
 2. Instalacións básicas e servicios docentes e investigadores.
 3. Proxecto de plano de estudos elaborado segundo a normativa vixente na Universidade de Vigo, e formulación do compromiso de sometelo, así como tódalas súas posibles revisións futuras, á aprobación polo Consello de Goberno para a súa tramitación e homologación.
 4. Capacidade estimada de matrícula.
 5. Compromiso da solicitude anual do límite de prazas de nova matrícula, que será sometida a aprobación, se procede, polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo.
 6. Taxas que satisfarán os alumnos e alumnas.

REGULAMENTO DE CENTROS ADSCRITOS

7. Cadro de profesorado e persoal auxiliar.
 8. Proposta dun director ou directora de centro que deberá reunir os requisitos establecidos na normativa vixente.
 9. Proxecto de regulamento de réxime interno do centro.
- b) Formulación dun proxecto de convenio de cooperación académica.
- c) Proposta de composición do padroado.

Artigo 7

A adscrición dun centro realizarase por acordo da Xunta de Galicia a proposta do Consello de Goberno da Universidade, previo informe favorable do Consello Social, debendo ser informada a Conferencia General de Política Universitaria.

Artigo 8

As solicitudes de adscrición remitidas pola Universidade de Vigo ao órgano competente da Xunta de Galicia irán acompañadas dunha memoria que deberá incluír:

1. Xustificación das ensinanzas que se van impartir tendo en conta as necesidades de programación xeral da ensinanza no seu nivel superior, derivadas da poboación escolar, do desenvolvemento de novas ramas xurdidas do avance científico, das necesidades dos distintos sectores profesionais, así como a súa incidencia no entorno xeográfico; número total de postos escolares que se pretenden cubrir, curso a curso, ata acadar o pleno rendemento, así como o curso académico no que darán comezo as actividades e o calendario para a implantación completa das ensinanzas.
2. Relación do cadro de profesorado ao comenzo da actividade, así como a previsión de incremento anual ata a implantación total das correspondentes ensinanzas.

REGULAMENTO DE CENTROS ADSCRITOS

3. Relación do cadro de persoal de administración e servizos, así como a previsión de incremento anual ata a implantación total das correspondentes ensinanzas.
4. Determinación do emprazamento do centro e a súa localización no ámbito territorial da comunidade autónoma, con memoria xustificativa e especificación dos edificios e instalacións existentes e proxectadas para o comezo das actividades e ata a implantación total das ensinanzas. En todo caso, efectuarase unha descrición física dos edificios e instalacións existentes e proxectadas, xustificando a titularidade, así como o cumprimento dos espazos e mínimos superficiais.
5. Acreditación inequívoca da personalidade dos promotores, que figurará como entidade titular.
6. Proxecto de regulamento de Réxime Interno do centro.
7. Compromiso de manter en funcionamento o centro durante un período mínimo que permita que o alumnado que iniciase os estudos no centro poida finalizalos, cun aproveitamento académico normal, de acordo co establecido na normativa vixente. Para a extinción do plano de estudos estarase ó disposto na lexislación vixente para o caso.
8. Achegar os estudos económicos básicos que garanten a viabilidade financeira do proxecto, incluíndo, entre outras partidas, as que aseguren o desenvolvemento da investigación e unha porcentaxe destinada a becas e axudas para o estudo e investigación, para as que se terá en conta tanto os requisitos académicos dos estudantes como as súas condicións socioeconómicas.
9. Proposta de plano de estudos segundo o establecido na lexislación vixente e coas directrices propias da Universidade de Vigo para a estrutura e organización académica de planos de estudos.
10. Convenio de adscrición coa Universidade de Vigo.

REGULAMENTO DE CENTROS ADSCRITOS

Artigo 9

Os centros adscritos teñen a obriga de lle entregar á Universidade de Vigo aquela porcentaxe do importe da matrícula oficial na contía anualmente fixada pola administración educativa competente, e retribuír pola súa conta aos delegados/as da Universidade de Vigo nos centros.

TÍTULO II

DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DOS CENTROS ADSCRITOS

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 10

O réxime de goberno dos Centros adscritos á Universidade de Vigo fundaméntase no principio de representación de todos os sectores das respectivas comunidades universitarias nos seus órganos colexiados, así como no de designación por elección das persoas que van ocupar os cargos académicos, agás as excepcións establecidas explicitamente no presente regulamento.

Artigo 11

Son órganos de goberno dos centros adscritos á Universidade de Vigo os que seguidamente se relacionan:

- a) Colexiados: padroados e xuntas de centro.
- b) Unipersoais: Presidente/a do padroado, director/a e secretario/a dos centros. De considerarse adecuado polo centro, tamén poderá nomearse un subdirector.

Artigo 12

Tendo en conta a supremacía dos órganos colexiados sobre os órganos unipersoais, é competencia dos primeiros todo aquilo que este regulamento ou a lexislación correspondente non lle atribúa explicitamente ós segundos. As decisións dos órganos colexiados dos centros adscritos adoptarán a forma de acordos, e as dos órganos unipersoais, a de resolucións.

REGULAMENTO DE CENTROS ADSCRITOS

Artigo 13

A normativa estatal básica sobre o procedemento administrativo en materia de funcionamento dos órganos colexiados será supletoria en todos aqueles aspectos non regulados por este regulamento, nin polas súas normas de desenvolvemento.

CAPÍTULO I: DOS ÓRGANOS DE GOBERNO COLEXIADOS

Artigo 14

- 1.- Todos os centros adscritos á Universidade de Vigo disporán dun padroado.
- 2.- Na composición dos padroados haberá unha representación da Universidade que incluírá necesariamente ao Delegado da Universidade no centro adscrito e ao Vicerreitor que teña competencias na materia.

Artigo 15

Entre as funcións específicas dos padroados están as seguintes:

- a) Elixir ó director/a do centro, que será nomeado polo rector.
- b) Aprobar o orzamento e balance anual.
- c) Aprobar a planificación e investimentos plurianuais.
- d) Definir o marco do desenvolvemento da actividade docente e supervisar a organización académica do centro.
- e) Adoptar cantas decisións excedan da xestión ordinaria.

Artigo 16

O padroado reunírase cando menos dúas veces en cada curso académico.

Artigo 17

A Xunta de Centro é o órgano colexiado de representación, decisión e control do centro. Está composta polo director ou directora, que a preside, e polo seguinte conxunto de membros:

- a) O subdirector/a, de selo caso, e secretario/a.

REGULAMENTO DE CENTROS ADSCRITOS

- b) Un representante do titular do centro.
- c) O delegado ou delegada da universidade no centro adscrito.
- d) todo o profesorado do centro con independencia da súa dedicación.
- e) unha representación dos estudantes que constituirá o 30% da xunta.
- f) unha representación do persoal de administración e servizos que constituirá o 10% da Xunta.

Artigo 18

As funcións da Xunta de Centro estarán recollidas no Regulamento de Réximen Interno do Centro.

Artigo 19

Os órganos colexiados de goberno dos centros adscritos poderán establecer comisións delegadas. Terán a misión de estudo, asesoramento e proposta de solucións en temas concretos. Así mesmo, poderanse crear comisións co obxecto de tratar temas específicos que elevarán as súas conclusións ao órgano que as propuxo. Na creación das devanditas comisións deberá especificarse a súa finalidade, composición e normas de funcionamento.

CAPÍTULO II: DOS ÓRGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS

Artigo 20

Son órganos unipersoais de goberno dos centros adscritos: o director/a e o secretario/a. Se o centro o considera conveniente, poderá nomearse un subdirector.

Artigo 21

O director será elixido polo padroado do centro adscrito. Para o desenvolvemento do cargo de director/a será requisito indispensable a dedicación a tempo completo. En ningún caso poderá desempeñarse simultaneamente máis dun cargo unipersoal.

REGULAMENTO DE CENTROS ADSCRITOS

Artigo 22

1. O director/a representa ao centro, exerce a súa dirección, preside e coordina a actuación dos seus órganos colexiados e executa os acordos destes, coa excepción do padroado.
2. O director/a do centro, asistido polo seu equipo de goberno, é o responsable da dirección e xestión do centro e ten as seguintes funcións:
 - a) Exerce-la representación do centro.
 - b) Convoca-la Xunta de Centro e executar os acordos desta.
 - c) Supervisar o funcionamento dos servizos do centro.
 - d) Dirixir a xestión ordinaria do centro.
 - e) Velar polo cumprimento dos horarios docentes e de titorías.
 - f) Todas aquelas que lle atribúa a lexislación vixente, o presente regulamento e o regulamento de réxime interno do centro.

Artigo 23

1. O director/a, no seu caso, designará de entre tódolos membros do centro ó subdirector/a, quen actuará coas competencias e funcións que lle asigne o director/a.
2. O director/a designará un secretario/a de entre todos os membros do centro. O secretario/a é quen dá fe das actuacións dos órganos de goberno, e como tal ten encomendada a custodia dos libros de actas destes.

TÍTULO III

DOS DELEGADOS/AS DA UNIVERSIDADE DE VIGO NOS CENTROS ADSCRITOS

Artigo 24

1. Os delegados/as da Universidade de Vigo nos diferentes centros adscritos serán elixidos polo Consello de Goberno, a proposta do reitor, de entre profesores/as con vinculación permanente á Universidade.

REGULAMENTO DE CENTROS ADSCRITOS

2.- Os delegados/as da universidade son membros natos dos respectivos padroados e representantes permanentes do reitor no centro, polo que formarán parte da Xunta de Centro.

Artigo 25

Son funcións dos delegados/as da universidade nos centros adscritos:

- a) Supervisa-la organización académica e o desenvolvemento da docencia.
- b) Vixiar o cumprimento dos convenios de cooperación académica e de adscrición.
- c) Informar das solicitudes de *Venia Docendi*.
- d) Asinar as actas de cualificación, xunto co director/a do centro e o profesor/a da materia.
- e) Informar das propostas de modificación dos planos de estudio, así como –se fose o caso- da incorporación de novas especialidades.
- f) Calquera outra función que expresamente se lle atribúa no presente regulamento ou lle asigne o rector.

TÍTULO IV

DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR

Artigo 26

O profesorado dos centros adscritos deberá ter a titulación requirida pola lexislación vixente.

REGULAMENTO DE CENTROS ADSCRITOS

Artigo 27

1.- O profesorado dos centros adscritos deberán contar coa *Venia Docendi* da Universidade de Vigo para a materia ou materias e disciplinas ao seu cargo. A *Venia Docendi* constitúe o recoñecemento explícito, por parte da Universidade de Vigo, de que cada profesor/a dun Centro adscrito cumpre cos requisitos esixidos para o exercicio da docencia no centro, e facúltao ao mesmo tempo para asina-las actas oficiais de cualificación dos estudantes.

2.- A *Venia Docendi* será outorgada polo reitor, por pedimento dos respectivos centros adscritos e despois do informe do delegado/a da universidade.

3.- A *Venia Docendi* será solicitada polo centro correspondente con carácter previo á formalización de calquera novo contrato de profesorado ou ó encargo de novas materias ou disciplinas a un profesor/a xa contratado.

4.- A *Venia Docendi* para a impartición dunha materia ou disciplina concreta será outorgada con carácter permanente e, no seu caso, será revisada a proposta do delegado/a da universidade no correspondente centro adscrito.

Artigo 28

O profesorado que non posúa a *Venia Docendi* non poderá formar parte do cadro de persoal docente nin exercer a docencia nun centro adscrito á Universidade de Vigo.

Artigo 29

1. A selección do persoal docente e investigador dos centros adscritos levarase a cabo respectando os principios de igualdade, mérito e capacidade, de acordo co establecido na legislación vixente.
2. O nomeamento e contratación do persoal docente e investigador dos devanditos centros correspóndelle á entidade titular destes, unha vez que os candidatos/as propostos acaden da Universidade de Vigo a *Venia Docendi* correspondente.

REGULAMENTO DE CENTROS ADSCRITOS

TÍTULO V **DOS ESTUDIANTES**

Artigo 30

1. O alumnado dos centros adscritos á Universidade de Vigo matricularanse como alumnos/as da Universidade de Vigo, esixíndoselle para o seu ingreso que cumpran os requisitos legais que prevean as disposicións vixentes.
2. A formalización da matrícula levarase a cabo segundo a normativa vixente e farase na secretaría dos respectivos centros ou naqueles servicios designados para tal fin.

Artigo 31

Os estudantes dos centros adscritos á Universidade de Vigo terán os dereitos e deberes previstos na normativa vixente..

TÍTULO VI **DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVICIOS**

Artigo 32

1. O persoal de administración e servicios constitúe o sector da comunidade dos centros adscritos ó que lle corresponden as funcións de xestión, actividades técnicas e administrativas, apoio, asistencia e asesoramento. Na medida do posible, terá unha categoría acorde coas funcións que desempeñe.
2. Estará composto polo persoal contratado en réxime laboral que preste servicios nos devanditos centros.

Artigo 33

A selección do persoal de administración e servicios dos centros Adscritos levarase a cabo respectando os principios de igualdade, mérito e capacidade, de acordo coa normativa vixente.

REGULAMENTO DE CENTROS ADSCRITOS

TÍTULO VII

CONTROL E AVALIACIÓN DA DOCENCIA E DA INVESTIGACIÓN

Artigo 34

Os centros adscritos, en colaboración coa Universidade de Vigo, garantirán anualmente a avaliación da súa actividade docente e, de se-lo caso, da súa actividade investigadora. Esta avaliación incluírá:

- a) Informe de cada centro sobre o desenvolvemento da actividade docente nas titulacións que lle afectan.
- b) Valoración dos estudantes sobre a docencia recibida, especificada por materia e profesor/a, realizada con garantías técnicas suficientes.

Artigo 35

Os centros adscritos terán en conta estas avaliacións para emitir os informes sobre o rendemento académico do persoal docente para todos os efectos. A Universidade de Vigo terá en conta o resultado destas avaliacións para a concesión ou denegación, de se-lo caso, da *Venia Docendi*.

Artigo 36

Os centros adscritos garantirán que todos os membros da comunidade dos correspondentes centros teñan acceso á documentación resultante da avaliación, en termos idénticos aos que o Consello de Goberno da Universidade de Vigo teña regulamentado para os centros propios da Universidade de Vigo.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

O funcionamento dos centros adscritos de carácter público axustarase á súa normativa propia.

REGULAMENTO DE CENTROS ADSCRITOS

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

No prazo máximo de tres anos a partir da aprobación do presente regulamento polo Claustro da Universidade, o centros adscritos á Universidade de Vigo existentes na actualidade deberanse adaptar ao devandito regulamento.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas tódalas disposicións dictadas polos órganos da Universidade de Vigo, calquera que sexa o seu rango, que se opoñan ó disposto no presente Regulamento de Centros Adscritos.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa aprobación polo Claustro da Universidade de Vigo.

Dilixencia para facer constar que este regulamento foi aprobado na sesión de Claustro do 20 de decembro de 2007.

A Secretaria Xeral

Esther M^a González Pillado